



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
As Forcadas

galicia

R/As Forcadas s/n  
15114 Corme(A Coruña)  
Tif.: 881880930 881880929  
ceip.asforcadas@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas/>

XUNTA DE GALICIA  
CEIP AS FORCADAS – CORME  
Data: 19/05/2020  
SAÍDA nº: 21

Estimados pais, nais, titores legais:

No DOG do 19 de maio de 2020 publicouse a ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2020/2021.

As **axudas para a adquisición de libros de texto** están destinadas ao alumnado que vaia estar matriculado no vindeiro curso 2020/2021 en 1º e 2º de educación primaria. O requisito para ter dereito a esta axuda é dispoñer dunha renda per cápita no ano 2018 igual ou inferior a 10.000 euros.

En relación ás **axudas para adquisición de material escolar**, que son compatibles coas axudas para a adquisición de libros de texto e co fondo de libros, van dirixidas ao alumnado que vaia estar matriculado no ano académico 2020/2021 en calquera curso de educación primaria. O requisito é ter unha renda per cápita igual ou inferior a 6000 euros no ano 2018.

O último destes sistemas, o **fondo de libros de texto**, está destinado ao alumnado que vaia estar matriculado no vindeiro curso 2020/2021 en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.

A información sobre a forma de formalizar a solicitude de xeito electrónico pódese ver no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

Os impresos de solicitude para as devanditas axudas e para o fondo de libros pódese solicitar no colexio ou descargar da páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/>

Unha vez cuberta, presentarse na secretaría do colexio. Ademais:

**Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor**.

**Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un **órgano que non pertenza á Xunta de Galicia**.

**Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**

**Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE**.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
As Forcadas



R/As Forcadas s/n  
15114 Corme(A Coruña)  
Tif.: 881880930 881880929  
ceip.asforcadas@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas/>

**XUNTA DE GALICIA**

**CEIP AS FORCADAS – CORME**

**Data: 19/05/2020**

**SAÍDA nº: 21**

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II) e achegar os documentos.

O prazo que abrangue dende o 20 de maio ata o 19 de xuño de 2020, ambos incluídos. As solicitudes presentadas fóra de prazo quedarán excluídas.

A secretaría do colexio estará aberta de 10:30 a 13:30 horas en horario de luns a venres. Recordade que unha vez no centro escolar deberemos manter a distancia física para preservar a seguridade colectiva. Para isto cumpre seguir as indicacións da sinalización provista para tal fin.

Sen outro particular, un cordial saúdo,

Corme, a 19 de maio de 2020

O Director

Manuel Nicolás Caridad López